

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL FLORA RAMOS “FLORITA” DO CONCELLO DE SADA

O presente regulamento ten por obxecto establecer o réxime de funcionamento e organización da Escola Infantil Municipal do Concello de Sada, consonte a normativa de aplicación en vigor, así como as capacidades e intereses municipais, permitindo un servizo público de calidade que garanta unha atención educativa integral, un sistema de admisión que respecte o principio de igualdade e non discriminación e a promoción participativa da comunidade educativa.

Enmárcase dentro da aplicación da seguinte normativa lexislativa de ámbito estatal, autonómica e municipal:

- Lei 13/2008 , do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (DOG Nº 245 do 18/12/2008)
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais, artigo 7 b) do referido decreto que establece como un dos requisitos funcionais o dispor dunhas normas de funcionamento.
- Lei 17/2011, de 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.
- Decreto 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos de centros que impartan as ensinanza do primeiro e segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
- Real Decreto 476/2013, do 21 de xuño polo que se regulan as condicións de cualificación e formación que deben posuir os mestres dos centros privados de educación infantil e de educación primaria (BOE núm.167, de 13 de xullo).
- Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.
- Decreto 150/2022 de 8 de setembro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das EI e a súa actualización de prezos segundo Resolución de 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís.
- Decreto 148/2014, de 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, de

16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu funcionamento.

- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo público da escola infantil municipal de Sada vixente.
- Ordes anuais polas que se regulan as axudas ás escolas infantís.
- Instrucións ditadas polos órganos competentes da consellería en materia de servizos sociais.

O presente Regulamento, que derogará ao existente (publicado no BOP número 212, do 29 de Setembro de 2009), garantizará a adecuada organización, funcionamento e calidade educativa da Escola Infantil Municipal Flora Ramos “Florita” do Concello de Sada.

Conforme ao establecido no art. 33.1 LPACAP:

A) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

- a) Actualizar a normativa existente para adáptala a normativa actual.
- b) Adaptar o regulamento a situación socio económica e as necesidades das familias, garantizando a igualdade de oportunidades e o benestar xeral da comunidade escolar.

B) A necesidade e oportunidade da súa aprobación:

A necesidade de contar cunhas normas de funcionamento adaptadas a normativa vixente e a Orde de gratuidade das Escolas Infantís

C) Os obxectivos da norma:

- Promover e fomentar o desenvolvemento e capacidades dos nenos e nenas nun entorno socioeducativo saúdale
- Facilitar a conciliación da vida familiar, laboral e persoal das familias a través da flexibilización no posible da organización dos servizos.
- Promovela comunicación e participación das familias na escola.
- Respetar a igualdade de oportunidades e a diversidade a través do fomento da educación en valores.

D) As posibles solucións alternativas reguladoras e non reguladoras:

O Concello de Sada podería optar por:

- a) Non derogar e aterse ao cumprimento do Regulamento do 29 de Setembro de 2009.
- b) Aprobar un regulamento que se adapte á lexislación en vigor coa suficiente flexibilidade.

Óptase pola segunda opción para actualizar unha normativa que se axuste a situación socio económica e a normativa actual.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Oscar Benito Portela Fernández

Sada a 8 de abril de 2025